



Celso Emilio Ferreiro

Celanova, 1912 - Vigo, 1979

Autoría: [Ramón Nicolás](#)

DOI: [10.17075/adg.2023.23863](https://doi.org/10.17075/adg.2023.23863)

O gran poeta da longa noite

O día catro de xaneiro de 1912, ás catro da tarde, nacíu en Celanova Celso Emilio Ferreiro Míguez, fillo de Venancio Ferreiro e de Obdulia Míguez Buxán. Foi o máis novo de sete irmáns e creceu nun ambiente republicano e galeguista pois seu pai pertencera ás Irmandades da Fala.

En Acevedo do Río pasará longas tempadas na antiga casa familiar onde se familiariza coa figura do padre escolapio Faustino Míguez, tío avó de Celso Emilio, que dedicou a súa vida á investigación botánica, á educación e ao labor sacerdotal.

Fórmase en Celanova cos frades escolapios establecidos no mosteiro de San Salvador, entre os anos 1919 e 1929. Neses anos, alén de xogar ao fútbol no Sporting de Celanova, comeza a cultivar a escrita e, ao tempo, maniféstanse as súas preocupacións sociais e políticas. Comeza así a publicar os seus primeiros poemas no *Faro de Vigo* e no *Heraldo de Galicia*.

En xullo de 1932 funda as Mocedades Galeguistas do distrito de Celanova xunto con outros mozos e no ano 1935, co seu amigo Pepe Velo, idea o *Cartafol de poesía*, proxecto consistente en enviar poemas a diversos subscritores: xente de letras, xornalistas, familiares e amigos, de maneira gratuíta. En outubro dese ano celebrárase en Celanova un acto da Federación de Mocedades Galeguistas en que participa como orador destacado desempeñando a función de secretario de organización. Pouco antes decidira trasladarse a Madrid para formar parte dun continxente militar de mozos e enfrontarse ao avance do fascismo en Abisinia pero é interceptado por un familiar que o obriga a retornar a Celanova. Ao mesmo tempo, responsabilízase da redacción de *Guieiro. Outavoz patriótico da F.M.G.* e da publicación nacionalista *Adiante*. En numerosos espazos divulga artigos cun alto grao de compromiso político e un deles cústalle un proceso xudicial que quedará sen efecto en febreiro de 1936. Un mes despois é

designado polo gobernador civil representante das Mocidades Galeguistas na corporación do Concello de Celanova pero renuncia á acta de concelleiro polas súas conviccións arredistas.

En maio de 1936 participa na III Asemblea da Federación de Mocidades Galeguistas mais diante da sospeita fundada dun inminente golpe militar, o 15 de xullo, viaxa ata Ourense, con Remixio González e Xosé Velo, para manter unha audiencia co gobernador civil. Pídenlle permiso para requisar armas e subministrárllelas ás persoas máis afectas á República mais o gobernador ordena a detención dos tres mozos que pasarán tres días no calabozo ata que os falanxistas abran os cárceres e, así, saian cheos de estupor pero convencidos de que aínda deben facer un servizo á República: furtan uns cartuchos de dinamita nunha mina próxima a Ourense e deciden sabotar, sen conseguilo, unha torre do tendido eléctrico situada no monte Furriolo.

Tras fuxir durante uns días un irmán seu obrígao a alistarse como soldado no exército sublevado. Trasládase, así, á fronte de Asturias onde se incorporará a un Rexemento de Infantería durante un ano e, desde decembro de 1937, prestará os seus servizos na sección de Transmisións de Oviedo. Durante esta época escribirá poemas que foron compilados e editados por Xavier Ferreiro baixo o título de *Birimbao* (2020).

Ao gozar dun permiso para visitar a súa nai doente fala abertamente nunha taberna sobre as barbaries fascistas e dá vivas á URSS. Unha veciña denuncia ás autoridades militares e pasa catro días e tres noites nun zulo pétreo do mosteiro de San Salvador. Desa experiencia nacería o seu recoñecido poema «Longa noite de pedra».

En Asturias coñecerá a María Luisa Moraima Loredó, con quen casará en Xixón, e con quen terá catro fillos: Luís (1945), José María (1947), Isabel (1948) e Xavier (1950).

Rematada a guerra retorna a Celanova onde obterá o título de bacharel. Tras exercer durante un tempo a docencia comeza por libre os estudos de Dereito e Maxisterio.

En 1941 publica *Al aire de tu vuelo*: libro de “noivado” con poemas amorosos. En xullo de 1943 oposita e consegue o posto de secretario e logo xefe de Xustiza da Fiscalía de Taxas en Pontevedra e, ao longo desa década, participa activamente na vida cultural da cidade e colabora en *Sonata Gallega*, *Finisterre* ou no semanario *Ciudad*. En 1947 publica *Bailadas, cantigas y donaires*, composicións neopopularistas prologadas por Fermín Bouza-Brey.

A partir de 1948 colabora coas emisións radiofónicas do *Galician Programme*, da BBC de Londres e, en 1949, xunto con Sabino Torres Ferrer, Emilio Álvarez Negreira e mais Manuel Cuña Novás coordina a colección Benito Soto de poesía: primeira colección estable que incorpora libros en lingua galega na posguerra.

En outubro de 1949 obtén o título de Procurador dos Tribunais e once meses despois trasládase a Vigo para exercer como tal, ocupación que compaxinará co de accionista nunha oficina de seguros sociais e co de director dun obradoiro de fotogravado. Desde ese ano comeza a colaborar no *Faro de Vigo*, onde destacou polas prosas que deu a coñecer baixo a epígrafe de «La jaula de los pájaros raros». Escribiu, igualmente, en *Alba*, *Aturuxo*, *Vieiros*, *Papeles de Son Armadans*, *Eufonía*, *Litoral* ou *Vida Gallega*, alén de facelo nas páxinas de *El Ideal Gallego*, *La Región* ou *Diario de Pontevedra*.

Publica, en 1951, *Musa alemá*: unha escolma de quince poemas de diversos autores traducidos do alemán por Antonio Blanco Freijeiro, prologados por Aquilino Iglesia Alvariño e versionados por Celso Emilio. O libro foi secuestrado pola censura e non se puido distribuír.

En 1954 dá a coñecer o seu traballo *Curros Enríquez. Biografía* (Editorial Moret) e un ano despois autopublica *Voz y voto* nas gráficas Númen de Vigo aínda que, polo seu carácter clandestino, figurase falsamente impreso na colección Papel de Estraza da Editorial Rex de Montevideo. Ese mesmo ano dá ao prelo *O soño sulagado*, onde recolle trinta e unha composicións que se achegan ao intimismo saudoso da infancia pasando pola poesía de xorne reivindicativo ata versos de carácter irónico.

En 1962, a colección poética Salnés, vinculada a Galaxia e que el mesmo dirixía xunto con Francisco Fernández del Riego e mais Emilio Álvarez Blázquez, acolle o libro *Longa noite de pedra*: un dos seus libros poéticos máis relevantes e emblemáticos para toda unha xeración e que o converteu no poeta de preferencia para a música contestataria de numerosos cantautores da época.

En xullo de 1964 participa na fundación da Unión do Povo Galego, partido político ao que pertencerá ata a súa ruptura producida en setembro de 1974. Por razóns derivadas do seu compromiso político, alén doutras de orde económica e da súa participación nos *Canti della nuova resistenza spagnola (1939-1961)* fan que decida aceptar unha proposta de traballo na Hermandad Gallega de Venezuela, en Caracas. Antes da súa marcha ofréceselle unha homenaxe de despedida en Ourense que se converteu nun dos primeiros actos públicos de contestación anti-franquista.

Xa en Caracas asume diversas responsabilidades na institución e en 1967 fundará e presidirá a Agrupación Nós para politizar cara ao nacionalismo a Hermandad Gallega. Con todo, a través dunhas eleccións fraudulentas, unha nova directiva decidirá expulsalo. Tras crear o Padroado da Cultura Galega, e ser igualmente expulsado por unha facción de filiación anticomunista, comezará unha campaña calumniosa contra el -bo exemplo é a filtración aos xornais galegos da falsa noticia da súa morte e dun fillo seu- e traballará como profesor e corrector de probas nunha imprenta ata que, tras conseguir en 1969 a cidadanía venezolana, accede ao posto de corrector de estilo no gabinete de prensa da Oficina Central de Información do presidente Rafael Caldera.

Alén de ser galardoado en diversos premios literarios redacta o folleto *Castelao dixó*: unha antoloxía sobre textos do rianxeiro. Ademais, publica *Viaxe ao país dos ananos* (1968) que, na súa primeira parte, é un corrosivo ataque aos emigrantes envilecidos e, nese ano, publica en Caracas *Cantigas de escarnio e maldecir* que asina como Arístides Silveira. No ano 1969 dá a coñecer *Terra de ningures* na colección Val de Lemos dirixida por Manuel María onde tamén quería publicar *Antipoemas*. A censura mutila este último e decide envialo, en castelán, ao Premio Internacional de Poesía Álamo de Salamanca non sen antes ofrecer un adianto editorial baixo o título de *13 poemas iracundos y una canción desesperada* (*Expediente*, nº 2, 1970). O seu libro é galardoado e, ao saír publicado en 1972, decátase de que os editores eliminaron dez poemas que el vai autoeditar en Caracas baixo o título de *Poemas prohibidos. Diez poemas no incluídos en el libro "Antipoemas" por causas no imputables a la voluntad del autor*. Tamén nese ano publica o seu primeiro libro de relatos: *A fronteira infinda*.

En 1973 enriquece a súa produción con dous libros asinados con pseudónimos: *Os autentes* e *Fóronse á puñeta* e mais co volume de epitafios burlescos: *Cimenterio privado*. Nesta década tan frutífera aínda tres anos antes publica, en Ediciós do Castro, un romance de cego titulado *Paco Pixiñas*.

Igualmente en 1973 retorna con destino a Madrid onde traballará na revista *Tribuna médica* e dirixirá a sección de Literatura galega da Aula de Cultura do Ateneo. En 1975 publica o seu libro máis intimista -*Onde o mundo se chama Celanova*- e unha ducia de poemas antifranquistas baixo o título de *Al César enano* co pseudónimo de Stow Kiwotto Lumen.

Alén de varias antoloxías e dos primeiros volumes da súa obra completa en Akal, en 1978 publicará unha sorte de memorias ficcionadas: *A taberna do Galo* e, un ano antes, concorre como candidato na Candidatura Democrática Galega. Nos últimos meses da súa vida, cun grupo de militantes do PSG, solicita a súa entrada no PSOE.

O 30 de agosto de 1979 falece na súa casa de Vigo e o 1 de setembro é soterrado en Celanova. Poucos días despois aparece o seu primeiro libro póstumo: *O libro das homenaxes* (1979). Sucederanse as homenaxes entre as que cómpre salientar a celebrada o 28 de outubro no Polideportivo do Sar en Compostela e a do Palacio dos Deportes de Madrid o 3 de novembro. No ano 1989 dedícaselle o Día das Letras Galegas e hoxe en día é considerado unha das grandes voces da poesía galega do século XX.

Bibliografía

Bibliografía primaria

FERREIRO, Celso Emilio (1975): *Obras completas, I*. Madrid: Akal.

FERREIRO, Celso Emilio (2003): *Obra narrativa*. Edición de Mónica Góñez. Vigo: Xerais.

FERREIRO, Celso Emilio (2004): *Poesía galega completa*. Edición de Ramón Nicolás. Vigo: Xerais.

FERREIRO, Celso Emilio (2005): *Semblanzas, crónicas e artigos*. Edición de Ramón Nicolás. Vigo: Xerais.

FERREIRO, Celso Emilio (2020): *Birimbao. Poemas de mí para ti*. Edición de Xavier Ferreiro Loredó. Vigo: Xerais.

FERREIRO, Celso Emilio (2021): *Longa noite de pedra*. Edición de Ramón Nicolás. Vigo: Xerais.

Bibliografía secundaria

ALONSO MONTERO, Xesús (1982): *Celso Emilio Ferreiro. Estudio*. Madrid: Júcar.

ÁLVAREZ, Aser (coord.) (2005): *Celso Emilio fai 95 anos, Arraianos*, 6. Celanova: Asociación Arraianos.

ÁLVAREZ BLANCO, Rosario (coord.) (1992): *Estudios dedicados a Celso Emilio Ferreiro*, 2 vols. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

CARBALLA, Xan e outros (coords.) (1989): *Celso Emílio Ferreiro: comun temos a pátria*. Vigo: A Nosa Terra.

FERREIRO, Charo; PENA, Inmaculada (coords.) (2004): *Xornadas sobre Celso Emilio Ferreiro: Actas das Xornadas realizadas pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Vigo*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

NICOLÁS, Ramón (1992): *O soño sulagado de Celso Emilio Ferreiro. Guía de lectura*. Vilaboa: Edicións do Cumio.

NICOLÁS, Ramón e outros (2008): *Celso Emilio Ferreiro. Fotobiografía sonora*. Sarria: Ouvirmos.

NICOLÁS, Ramón (2009): *Conversas con Celso Emilio Ferreiro*. Vigo: Xerais.

NICOLÁS, Ramón (2010): «O “Adiante” das Mocidades Galeguistas», *Caderno da crítica*, (10 de novembro). (<https://cadernodacritica.wordpress.com/2010/11/10/o-adiante-das-mocidades-galeguistas-2/>) [2023-02-08]

NICOLÁS, Ramón (2012): *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*. Vigo: Xerais.

NICOLÁS, Ramón (2020): *Chorimas para Celso Emilio Ferreiro. Un memorial: 1979-2019*. Vigo: Xunta de Galicia-Parlamento de Galicia.
(<https://www.parlamentodegalicia.es/sitios/web/Publicacions/Chorimas%20para%20Celso%20Emilio%20Ferreiro.pdf>) [2023-02-08]

PENA, Xosé Ramón (2019): *Historia da Literatura Galega IV. De 1936 a 1975. A “longa noite”*. Vigo: Xerais.

PEROZO, Xosé Antonio; PORTEIRO, María Xosé (1981): *Celso Emilio Ferreiro (compañeiro do vento e as estrelas)*. Madrid: Akal.

SANMARTÍN, Anxos (1996): «Un momento crucial: Longa noite de pedra de Celso Emilio Ferreiro». En *Historia da Literatura galega*, vol. 4. Vigo: AS-PG.

VV.AA. (1989): *Boletín Galego de Literatura*, 1. Santiago: Universidade de Santiago.